



ANTECEDENTES

1. A composición inicial da Asemblea Xeral da Federación Galega de Golf, segundo o artigo 18.1 do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Golf, Proceso electoral 2018-2022, aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte por resolución de 13 de agosto de 2018, é de **23**; correspondendo **13** ao estamento de entidades deportivas (das cales 2 corresponden á especialidade de Pitch & putt); **5** ao estamento de deportistas (correspondendo 1 a cada circunscrición electoral provincial: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e 1 aos deportistas de alto nivel); **2** ao estamento de adestradores, **2** ao estamento de xuíces e a outros colectivos **1**.

2. O 3 de outubro de 2018 a xunta electoral da Federación Galega de Golf remite á Secretaría Xeral para o Deporte a acta da reunión do 2 de outubro da Xunta Electoral. En dita reunión, en aplicación do artigo 19.2 do Regulamento electoral da Federación Galega de Golf que establece que unha vez aprobado o censo electoral definitivo de cada un dos estamentos e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a xunta electoral fixará o número de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos no regulamento electoral, a Xunta Electoral acorda fixar unha nova composición da asemblea xeral.

3. Dado que, os vixentes estatutos federativos establecen que a representación na asemblea das entidades deportivas é dun 65% do total o que significa que a representatividade inicialmente outorgada está por debaixo desa proporcionalidade estatutaria e regulamentaria, a xunta electoral acorda fixar a composición da asemblea xeral da Federación Galega de Golf do seguinte xeito:

Membros da Asemblea Xeral: **23**.

- Estamento de **entidades deportivas: 14**.
- Estamento de **Deportistas: 5** A Coruña 1, Lugo 1, Ourense 1 e Pontevedra e 1 e 1 deportista de alto nivel (DAN)
- Estamento de **Adestradores: 1** .
- Estamento de **xuíces-árbitros: 1**.
- **Outros colectivos: 1**.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competencia da Secretaría Xeral para o Deporte autorizar ou modificar a composición da asemblea fixada pola xunta electoral da federación deportiva galega tal como establece o artigo 34. apartado 4 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, :





“Unha vez aprobados os censos electorais definitivos de cada un dos estamentos da respectiva federación, e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a xunta electoral fixará o número concreto de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos no regulamento electoral. Esta decisión da xunta electoral non é impugnabile e deberá ser notificada, no prazo de dous días, á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa autorización ou modificación. A resolución da Secretaría Xeral para o Deporte poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo”.

2. A composición proposta pola xunta electoral da Federación Galega de Golf non é de 23 membros senón de 22. Neste caso o estamento de entidades deportivas superaría a porcentaxe do 65% establecido estatutariamente que é o argumento da xunta electoral da Federación Galega de Golf .

3. Elimina da composición do estamento de entidades deportivas aos dous representantes da especialidade de Pitch & Putt, aprobados na asemblea xeral extraordinaria do 20 de xuño de 2018.

4 Reduce a representación dos adestradores e dos xuíces de **dous (2) a un (1)** quedando a súa representación por debaixo do 5 %, mínimo establecido no artigo 34.3 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, e artigo 19. 1 letras c) e d) do regulamento electoral da Federación Galega de Golf.

“Artigo 34. Proporcionalidade na composición da asemblea xeral.

3. A porcentaxe de cada estamento fixarase de acordo coas seguintes proporcións:

c) Representantes de adestradores e adestradoras e técnicos e técnicas: **entre 5% e 20%.**

d) Representantes de árbitros, xuízas e xuíces: **entre 5% e 10%.”**

5. No proceso electoral actual a norma que o regula é o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro de 2018 polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

O regulamento electoral da Federación Galega de Golf elaborouse seguindo ditas bases e criterios e foi emendado pola Secretaría Xeral do Deporte para o seu axustamento a dito Decreto e posteriormente aprobado e autorizado por ela. Por tanto non se pode esgrimir unha norma estatutaria para modificar o aprobado nunha asemblea xeral estatutaria e nun Decreto da Administración Autonómica.

De conformidade con todo elo

Resolvo:





Non autorizar a composición definitiva da Asemblea Xeral da Federación Galega de Golf fixada polo acordo da Xunta Electoral do 2 de outubro de 2018 e comunicado á Secretaría Xeral para o Deporte o 3 de setembro. Fixando a composición da Asemblea Xeral da Federación Galega de Golf para o proceso electoral 2018-2022 tal como esta establecida no artigo 18.1 do Regulamento electoral da Federación Galega de Golf aprobado por resolución da Secretaría Xeral para o Deporte de 13 de agosto de 2018

A xunta electoral da Federación Galega de Golf deberá dar a máxima difusión á presente resolución, e, en todo caso, debora publicala na páxina web da federación na sección de procesos electorais e no taboleiro de anuncios da sede federativa.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,

A secretaria xeral para o Deporte

Marta Míguez Telle

